

---

---

**Prego de cláusulas administrativas  
particulares para a contratación por  
procedemento aberto e tramitación  
ordinaria do servizo corporativo de telefonía  
fixa, rede de datos e acceso a internet do  
Parque Tecnolóxico de Galicia**



Parque Tecnológico de Galicia, S.A.

---

---

# 1. Táboa de Contidos

1. Táboa de Contidos .....	2
2. Ámbito do Prego .....	5
3. Cadro de características do contrato.....	5
4. Natureza e extensión das necesidades a satisfacer a través da presente licitación.....	8
5. Obxecto do prego .....	8
6. Natureza e réxime xurídico.....	8
7. Documentación con valor contractual.....	9
8. Órgano de contratación e forma de acceso ao Perfil do Contratante.....	9
9. Procedemento de adxudicación.....	9
10. Capacidade e solvencia das empresas.....	10
11. Garantía provisional.....	11
12. Contido das proposicións.....	11
12.1. Sobre A – Documentación Administrativa.....	11
12.1.1. Documentación acreditativa da personalidade e da capacidade de obrar dos licitadores na forma esixida pola LCSP.....	11
12.1.2. Documentos acreditativos da representación.....	12
12.1.3. Solvencia económica e financeira .....	13
12.1.4. Solvencia técnica .....	13
12.1.5. Inscripción no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado.....	13
12.2. Sobre B – Proposta económica.....	13
12.2.1. Servizos fixos de comunicacións de telefonía, datos e acceso a internet.....	14
12.3. Sobre C – Proposta técnica.....	14
13. Proposicións simultáneas.....	15
14. Prazo, lugar e requisitos de presentación das proposicións.....	16
14.1. Lugar e prazo de presentación das proposicións.....	16
14.2. Requisitos da documentación.....	16

---

---

15. Comisión de selección, apertura de proposicións e proposta de adxudicación. ....	17
15.1. Comisión de Selección .....	17
15.2. Apertura de proposicións, cualificación da documentación e proposta de adxudicación. ....	17
16. Criterios para a adxudicación do contrato. ....	18
17. Valores desproporcionados ou anormais .....	18
18. Adxudicación provisional e definitiva. ....	18
18.1. Adxudicación provisional .....	18
18.2. Adxudicación definitiva .....	20
18.3. Perfeccionamento do contrato .....	20
19. Constitución da garantía definitiva, gastos de anuncios e formalización do contrato. .	20
19.1. Garantía definitiva .....	20
19.2. Gastos de anuncios .....	20
19.3. Formalización do contrato .....	20
20. Prazo de execución do contrato .....	21
21. Gastos. ....	21
22. Obrigas do adxudicatario. ....	21
22.1. Obriga principal .....	21
22.2. Cumprimento de prazos .....	21
22.3. Dirección e organización do traballo .....	21
22.4. Obrigas laborais e sociais .....	22
22.5. Póliza de seguros e responsabilidade do adxudicatario fronte a terceiros .....	22
23. Presuposto e forma de pago ao adxudicatario. ....	23
24. Dereitos do órgano de contratación. ....	24
25. Prescricións técnicas esixibles ás prestacións. ....	24
25.1. Condicións do contrato. ....	24
25.1.1. Representante de PTG, S.A. ....	24
25.1.2. Dirección técnica. ....	24
26. Contido do contrato. ....	24

---

---

27. Penalizacións.....	25
27.1. Penalidades respecto a dispoñibilidade do servizo.....	25
28. Atrasos xustificados.....	25
29. Subcontratación .....	26
30. Extinción de contrato.....	27
31. Consecuencias da resolución .....	27
32. Causas de resolución.....	27
Anexo I.....	28
1. OBXECTO.....	28
2. DESCRIPCIÓN XERAL DA REDE ACTUAL.....	28
3. ALCANCE .....	29
3.1. Condicións Xerais .....	29
3.2. Telefonía Fixa .....	30
3.3. Rede de datos e acceso a Internet.....	30
4. CONDICIÓN XERAIS .....	31
5. METODOLOXÍA A EMPREGAR .....	31
6. XESTIÓN DO PROXECTO .....	31
7. IMPLANTACIÓN DO SERVIZO .....	31
7.1. Plan de Actuación.....	32
7.2. Plan de probas .....	32
7.3. Plan de Formación.....	32
7.4. Calidade do Servizo .....	32
8. MANTEMENTO INTEGRAL.....	33
9. DOCUMENTACIÓN E INFORMES .....	34
10. FORMATO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS TÉCNICAS .....	34

---

---

## 2. Ámbito do Prego

O presente prego constitúe o conxunto de instrucións, normas e especificacións que han de rexer a contratación por Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. (en adiante PTG, S.A.) da prestación do servizo corporativo de telefonía fixa, rede de datos e acceso a Internet do Parque Tecnolóxico de Galicia.

Os dereitos e obrigas das partes que se derivan da execución do contrato que se saca a concurso rexeranse en canto á súa aplicación e interpretación polo establecido no contrato, nos Pregos, nas instrucións internas de contratación de PTG, S.A., e, só no non previsto expresamente, polas normas de Dereito Privado que resulten de aplicación ao contrato.

## 3. Cadro de características do contrato

**EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN Nº:** PTG 6/2010

**ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:** O Consello de Administración de PARQUE TECNOLÓGICO DE GALICIA S.A. cuxa función de contratación está delegada na persoa do seu vicepresidente e conselleiro delegado.

### 1. OBXECTO DO CONTRATO:

Contratación de prestación do servizo corporativo de telefonía fixa, rede de datos e acceso a internet do Parque Tecnolóxico de Galicia, situado no concello de San Cibrao das Viñas (Ourense).

### 2. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E TIPO DE CONTRATO

Procedemento de Adxudicación: ABERTO

Tipo de contrato: PRESTACIÓN DE SERVICIOS

### 3. ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Orzamento máximo de licitación: 261.000 euros (IVE non incluído).

---

---

#### 4. REVISIÓN DE PREZOS

Non se contempla

#### 5. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

As proposicións poderán presentarse:

- a) Por correo certificado ou entrega persoal no domicilio social de Parque Tecnológico de Galicia S.A., no edificio CEI do Parque Tecnológico de Galicia en San Cibrao das Viñas (Ourense), en horario de 9.00 da mañá ata as 14.00 da tarde.
- b) Prazo de presentación de Ofertas: 14 días naturais dende a data de publicación do anuncio no perfil do contratante.

#### 6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

##### 6.1. VALORACIÓNS:

- **VALORACIÓN TÉCNICA (de 0 a 3 puntos):** valorarase a proposta , de acordo cos criterios seguintes:
  - Funcionalidades e alcance da proposta
  - Funcionalidades e alcance do sistema de xestión
  - Capacidade de evolución e escalabilidade
  - Calidade do servizo
  - Parámetros e compromisos de mantemento
- **VALORACIÓN ECONÓMICA (de 0 a 5 puntos):** Valoraranse con cero (0) puntos aquelas ofertas que propoñan como prezo de adxudicación o tipo de licitación establecido neste prego e con cinco (5) puntos a oferta que propoña o mellor prezo. Partindo deste criterio de valoración, a puntuación outorgable ás restantes ofertas cuxo prezo se encontrase comprendido dentro deste tramo realizarase mediante un cálculo proporcional. Quedarán excluídas aquelas ofertas que superen o orzamento máximo de licitación.
- **MELLORAS (de 0 a 2 puntos):**

PTG, S.A. esixe que o adxudicatario presente a mellor solución desde o punto de vista técnico, tendo en consideración para isto, entre outros, os condicionantes de cobertura xeográfica así como de constitución das redes sobre as que se apoia o adxudicatario para prestar servizos de comunicación.

---

## 7. CLASIFICACIÓN EMPRESARIAL

Os licitadores que se presenten neste procedemento teñen que acreditar a clasificación seguinte:

Grupo V) subgrupo 3 categoría D

## 8. VALORES DESPROPORCIONADOS OU ANORMAIS

Estarase ao disposto na cláusula 17 do presente prego.

## 9. GASTOS DE PUBLICIDADE

Importe máximo a pagar polo adxudicatario: custo do anuncio en prensa.

## 10. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección está composta por:

- Presidente: Directora
- Secretario: Un responsable do Departamento de Administración
- Vogais: 1 responsable de proxectos e 1 responsable de servizos xerais

## 11. GARANTÍAS

- **GARANTÍA PROVISIONAL:** Non se solicita.
- **GARANTÍA DEFINITIVA:** o adxudicatario estará obrigado a constituír unha fianza definitiva a favor de PTG, S.A. por importe igual ao 4% do importe da adxudicación, IVE excluído, dentro dos quince días seguintes á notificación da adxudicación.

## 12. CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE:

Centro Xestor: Parque Tecnolóxico de Galicia

Teléfono: 988 368100 Fax: 988 368101

e-mail [gerencia@tecnopole.es](mailto:gerencia@tecnopole.es)

---

---

---

### 13. PRAZO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

3 anos desde a firma do contrato, prorrogable, logo do acordo das partes, ata 5 anos máximo, incluídas as prórrogas. Estarase ao disposto na cláusula 20 do presente prego.

### 14. SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA

Segundo os criterios recollidos nos artigos 63 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).

## 4. Natureza e extensión das necesidades a satisfacer a través da presente licitación.

A sociedade xestora do Parque Tecnolóxico de Galicia, Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., é o único ente creado para levar a cabo as accións de posta en marcha, xestión e supervisión de todas as actividades que se xeren e desenvolvan na súa superficie, urbanización, zona institucional e no Centro de Empresas e Innovación, do devandito parque.

Mediante a presente licitación preténdese a contratación da prestación do servizo corporativo de telefonía fixa, rede de datos e acceso a Internet do Parque Tecnolóxico de Galicia.

## 5. Obxecto do prego

É obxecto do presente Prego de Condicións a regulación das condicións de contratación para, mediante procedemento aberto, adxudicar o contrato da prestación do servizo corporativo de telefonía fixa, rede de datos e acceso a Internet do Parque Tecnolóxico de Galicia, de acordo coas especificacións contidas neste prego.

O contrato axustarase ao presente prego, cuxo contido se considerará parte integrante daquel, e cuxas cláusulas e prescricións deben rexer a execución e condicións da prestación.

## 6. Natureza e réxime xurídico.

O contrato que se subscriba ao amparo do presente Prego terá natureza privada, e rexeráse:

- a) En canto á súa preparación e adxudicación, polo establecido no presente Prego e nas Instrucións Internas de Contratación de PTG, e para o non previsto nelas, será de aplicación:

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.
-

- 
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.
  - Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, en todo aquilo que non resulte contrario á LCSP.

b) En canto aos seus efectos e extinción, polas normas de Dereito Privado.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as cuestións litixiosas que afecten á preparación e adxudicación do presente contrato, así como as que se susciten en relación aos efectos, cumprimento e extinción deste.

Os licitadores renuncian expresamente ao foro xurisdiccional que, de ser o caso, puidese corresponderlles, someténdose expresamente á xurisdición dos xulgados ou tribunais da cidade de Ourense.

## 7. Documentación con valor contractual.

Terán valor contractual, coa seguinte orde de prelación, os seguintes documentos:

1º O contrato

2º A oferta do licitador, en todo aquilo que non contraveña o prego e demais normativa de aplicación.

3º O Prego.

4º Calquera outra documentación adicional á que se lle atribúa tal valor no presente Prego de Condicións.

## 8. Órgano de contratación e forma de acceso ao Perfil do Contratante.

O órgano de contratación é o Consello de Administración da sociedade Parque Tecnológico de Galicia S.A., cuxa función de contratación está delegada na persoa do vicepresidente e conselleiro delegado deste.

O acceso ao perfil do contratante de PTG S.A., realizarase a través da páxina web [www.tecnopole.es](http://www.tecnopole.es).

## 9. Procedemento de adxudicación.

O contrato obxecto do presente Prego de Condicións será adxudicado mediante procedemento aberto, de tal maneira que a adxudicación deste recaerá na oferta con máis puntuación de conformidade cos criterios de valoración contidos no presente Prego de Condicións, é dicir, a adxudicación recaerá na oferta economicamente máis vantaxosa.

---

---

## 10. Capacidade e solvencia das empresas.

Estarán facultadas para contratar con PTG as persoas físicas e xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen incursas nunha prohibición de contratar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. A proba de non atoparse incursas nunha prohibición de contratar realizarase de conformidade co establecido polo artigo 62 da LCSP.

Os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do presente contrato.

Así mesmo, será requisito para contratar con PTG que as persoas físicas e xurídicas teñan unha finalidade ou actividade relacionada directamente co obxecto do contrato e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional de conformidade cos artigos 64 e seguintes da LCSP.

Os licitadores que se presenten neste procedemento teñen que acreditar a clasificación Grupo V) subgrupo 3 Categoría D.

De presentarse á licitación unións de empresarios que se constituán temporalmente para o efecto, non será necesaria a formalización destas en escritura pública en tanto en canto no se produza a adxudicación do contrato en favor das mesmas. Non obstante, os empresarios integrados nela indicarán na súa proposición os seus nomes e circunstancias, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso solidariamente no caso de resultar adxudicataria.

Así mesmo, deberán obrigarse todos os seus membros solidariamente ante PTG e nomear un representante da agrupación ante a sociedade para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se deriven do contrato ata a extinción deste, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagos de contía significativa. A duración destas unións temporais de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Se durante a tramitación do procedemento e antes da súa adxudicación se producise a extinción da personalidade xurídica dunha empresa licitadora ou candidata por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, sucederaa na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio ou da correspondente rama de actividade, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e acredite a solvencia ou clasificación nas condicións esixidas no prego de condicións para poder participar no procedemento de adxudicación de conformidade co art. 133 da LCSP.

---

---

## 11. Garantía provisional.

Non se esixe garantía provisional.

## 12. Contido das proposicións.

A documentación para a presente licitación presentarse en sobre pechado, de forma que se garanta o segredo da oferta, identificado no seu exterior, con indicación da licitación á que concorre, e firmado polo licitador, ou a persoa que o represente, e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa.

As proposicións efectuaranse en tres sobres, debidamente pechados e selados, identificados coas letras A, B e C, nos que se incluírá a documentación que a continuación se indica:

### 12.1. Sobre A – Documentación Administrativa.

No sobre A incluíranse os seguintes documentos, orixinais, copia ou fotocopia destes, acompañados, en folia independente, dunha relación de todos os documentos que o licitador inclúa neste sobre.

#### 12.1.1. Documentación acreditativa da personalidade e da capacidade de obrar dos licitadores na forma esixida pola LCSP.

1.- En caso de empresarios individuais, deberán presentar fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou do documento que regulamentariamente o substitúa, con expresión das circunstancias persoais e o domicilio.

2.- As persoas xurídicas deberán achegar escritura de constitución e/ou modificación, de ser o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatuto ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no correspondente Rexistro Oficial.

3.- A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

4.- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

5.- Todos os licitadores deberán presentar unha declaración expresa de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Ourense, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir

---

---

do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional que puidese corresponder ao licitante.

6.- No suposto de que se presenten proposicións subscritas conxuntamente por varios licitadores como Unión Temporal de Empresas (UTE), incorporárase un compromiso polos licitadores para constituír unha UTE no caso de que fosen adxudicatarios. Así mesmo, os empresarios que desexen concorrer integrados nelas deberán indicar na proposta os nomes e circunstancias dos que a constituán e a participación de cada un deles, caso de resultar adxudicatarios. O escrito haberá de estar firmado polos representantes das diversas empresas promotoras así como polo representante ou apoderado único que estarán obrigadas as empresas a nomear para o período de licitación. Así mesmo, cada un dos empresarios que compoñen a agrupación deberán acreditar a súa capacidade de obrar.

7.- Testemuño xudicial ou certificación administrativa de non estar incursos en ningunha das prohibicións para contratar que se recollen no art. 49 da LCSP, actualizada á data de presentación desta documentación.

En defecto do anterior poderán substituírse os documentos anteriores por unha declaración responsable da capacidade do licitador outorgada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

O testemuño xudicial, a certificación administrativa ou a declaración responsable referidas anteriormente deberán comprender expresamente a circunstancia de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva polo empresario en cuxo favor se vaia efectuar esta.

Ademais do anterior, deberán incluírse dentro das citadas declaracións ás que se refire o parágrafo anterior, expresa mención de non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade que se recollen na Lei 9/1996, de 18 de outubro, de Réxime de incompatibilidades da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración.

#### 12.1.2. Documentos acreditativos da representación

Os que comparezan e firmen proposicións en nome doutro deberán presentar copia compulsada do DNI do apoderado ou apoderados, ou do documento que regulamentariamente o substitúa.

Se o licitador fose unha persoa individual, acompañarase copia auténtica ou compulsada da escritura de poder notarial outorgada polo titular ou propietario da empresa.

Se o licitador fose unha persoa xurídica, acompañarase copia auténtica ou compulsada da escritura de constitución da sociedade e modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, con aqueles particulares dos estatutos ou acordos sociais dos que se deduza a dita representación. Se esta non resultase unicamente destes documentos, presentarase ademais escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no Rexistro Mercantil.

Coa finalidade de xustificar axeitadamente a representación de quen actúa en nome e representación dun terceiro ante o órgano de contratación, acompañarase o correspondente poder outorgado ao seu favor e

---

---

declarado bastante por un letrado da Xunta de Galicia ou avogado do Estado.

#### 12.1.3. Solvencia económica e financeira

Os licitadores, tanto nacionais como estranxeiros, deberán xustificar a súa solvencia económica e financeira de acordo co disposto no artigo 64 da LCSP.

#### 12.1.4. Solvencia técnica

A solvencia técnica ou profesional dos licitadores acreditarase de conformidade co previsto nos artigos 64 a 68 da LCSP.

#### 12.1.5. Inscripción no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado.

De acordo co disposto no artigo 9 do Decreto 262/2001, de 20 de setembro, polo que se refunde a normativa reguladora daquel, os licitadores inscritos no citado Rexistro quedarán exonerados de achegar a documentación que se atope vixente no dito Rexistro o último día de presentación das proposicións relativa á acreditación da capacidade xurídica, representación e clasificación, se é o caso. Tampouco terá o licitador inscrito no Rexistro de Contratistas que achegar os certificados de cumprimento de obrigas tributarias coa facenda estatal, coa autonómica galega e coa Seguridade Social, nin a xustificación de estar de alta e ao corrente do Imposto de Actividades Económicas (ou acreditativa da exención), no caso de que obren en poder do dito Rexistro e estean vixentes no último día do prazo para presentar proposicións. Nestes casos, o licitador deberá achegar unha certificación acreditativa da inscrición no citado Rexistro con indicación expresa do estado da documentación obrante neste.

De conformidade co artigo 72 da LCSP e 19 do RD 817/2009, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado acreditará fronte a todos os órganos de contratación, a teor de reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar neste.

## 12.2. Sobre B – Proposta económica.

A presentación da proposta económica supón a aceptación incondicionada por parte do licitador do contido da totalidade do prego de condicións e das prescricións técnicas, e así deberá indicarse expresamente.

A oferta efectuarase pola totalidade da prestación obxecto do contrato, incluíndo nela todo tipo de impostos, arbitrios ou taxas esixibles e, a excepción do Imposto sobre o Valor Engadido, polo que o licitador propón a realización dos servizos recollidos no presente prego e na súa proposta técnica.

O adxudicatario deberá responsabilizarse de todo o equipamento necesario para o correcto funcionamento da nova solución sen custo ningún para PTG, S.A.

---

---

O licitador deberá ofertar un custo total por todos os elementos e servizos solicitados no mesmo prego, así como polo volume de tráfico indicado.

Ao mesmo tempo deberá sinalar o custo (custo alta, custo mensual, custo por unidade de tempo /tráfico, etc.) de cada un dos compoñentes/servizos/tráfico cursado. En todo caso a facturación realizarase por segundos consumidos dende o primeiro segundo.

En caso de propor variacións na infraestrutura de partida descrita no prego, estas deben garantir como mínimo o servizo existente actualmente.

#### 12.2.1. Servizos fixos de comunicacións de telefonía, datos e acceso a internet.

A continuación desagregase o volume de tráfico relativo á telefonía fixa no ano 2009 para as liñas pertencentes a PTG, S.A. e sitas na situación de San Cibrao das Viñas (exclúese na seguinte táboa o consumo das situación de Chantada e Monforte de Lemos):

	Nº Chamadas	Minutos
<b>Chamadas locais</b>	54.454	116.940
<b>Chamadas Galicia</b>	51.905	129.435
<b>Chamadas fóra de Galicia</b>	75.667	187.941
<b>Chamadas internacionais</b>	2.161	7.917
<b>Chamadas a móbiles</b>	64.013	153.880
<b>Chamadas a outros servizos</b>	9.858	26.875
<b>Chamadas serv. de tarif. adic.</b>	90	223
<b>Chamadas tpv</b>	5	0
<b>TOTAIS</b>	<b>258.153</b>	<b>623.211</b>

Deberase sinalar o custo e as unidades a empregar de cada un dos conceptos facturables, tanto fixos como variables.

O presente escenario de tráfico non vincula a consumir a totalidade dos minutos establecidos neste.

O resto de servizos, datos e acceso a Internet, aparecen descritos nos distintos apartados do presente documento e anexos.

#### 12.3. Sobre C – Proposta técnica.

A proposición técnica conterá, entre outros, con aqueles documentos acreditativos das circunstancias a ter en conta na valoración do concurso do acordo cos criterios de adjudicación do mesmo e será formulada de conformidade co establecido no prego de condicións técnicas anexo.

A presentación desta proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario da totalidade das cláusulas relativas ás condicións técnicas detalladas no anexo I, das demais cláusulas do prego de condicións e do cadro de características que o precede, sen reserva nin salvidade ningunha, e así debe manifestalo na súa

---

---

proposta.

A documentación técnica a chegar entregarase segundo o detallado no punto 11 do prego de condicións técnica e incluirá:

- Presentación xeral da empresa.
- Relación dos principais proxectos realizados no último ano, no que se inclúa datas, destinatarios e importe.
- Ofertas técnicas do licitador conforme aos criterios detallados no prego de condicións técnicas do anexo I, e que debe incluír:
  - Solución técnica
  - Metodoloxía a empregar para a prestación da solución ofertada
  - Proposta de xestión do proxecto
  - Plan xeral de implantación e actuación no período de contrato, indicando o desenvolvemento de todas as actuacións a realizar, que deberá incluír :
    - Plan de probas e validación do servizo
    - Plan de formación
    - Plan de Calidade do servizo ofertado.
    - Canta outra información complementaria se estime oportuno chegar.

O licitador poderá propor todas aquelas melloras nos termos establecidos no presente prego.

Estas melloras non terán por que circunscribirse unicamente ao ámbito técnico, senón que tamén poderán ser formuladas en calquera outro aspecto de novos servizos ou funcionalidades avanzadas. Entre as posibles melloras poden citarse: mellora no ancho de banda, tarifa plana, redundancia a outro operador ou calquera outra opción de natureza similar que o ofertante considere.

## 13. Proposicións simultáneas.

Na licitación do contrato regulado no presente Pregos, cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo do disposto no artigo 131 da LCSP respecto da admisibilidade de variantes ou melloras.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se xa o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal.

A infracción do previsto nos dous parágrafos anteriores dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

---

---

## 14. Prazo, lugar e requisitos de presentación das proposicións.

### 14.1. Lugar e prazo de presentación das proposicións

O prazo de presentación das ofertas será de 14 días naturais contados a partir da publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.

En canto ao lugar de presentación das proposicións, estas deberán ser remitidas por correo certificado ou entrega persoal no enderezo Parque Tecnológico de Galicia, S.A., 32900 San Cibrao das Viñas (Ourense), á atención da directora, en horario de 9.00 da mañá ata as 14.00 da tarde.

Se algunha empresa licitadora considera oportuno algún tipo de aclaración ou visita ás dependencias do PTG obxecto do prego, poderá solicitalo por escrito, fax (988 368 101) ou correo electrónico (gerencia@tecnopole.es ) indicando o nome da empresa, un teléfono de contacto e o nome da persoa que vai realizar a visita, facilitándoselle día e hora para a dita visita.

Cando as proposicións se envíen por correo certificado, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax ou telegrama o mesmo día. Tamén poderá anunciarse por correo electrónico. O envío do anuncio por correo electrónico só será válido se existe constancia da transmisión e recepción, das súas datas e do contido íntegro das comunicacións e se identifica de forma fidedigna ao remitente e ao destinatario. Neste suposto, procederase á obtención de copia impresa e ao seu rexistro, que se incorporará ao expediente.

Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición, se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio.

Non obstante, non será admitida, en ningún caso, a documentación enviada por correo que non se recibise transcorridos 2 días hábiles dende a finalización do prazo fixado para a admisión de propostas.

Unha vez entregada ou remitida a documentación, esta non poderá ser retirada salvo por causa xustificada. Terminado o prazo de recepción, as oficinas receptoras expedirán certificación relacionada da documentación recibida ou da ausencia de licitadores, se é o caso, que xuntamente coa documentación remitirán ao secretario da Comisión de Selección.

Cando a proposición se presente nas dependencias sinaladas polo órgano de contratación, este rexistrará a solicitude de participación e devolverá unha copia selada desta como resguardo da participación.

### 14.2. Requisitos da documentación

A presentación de proposicións presume por parte do concorrente a aceptación incondicionada das cláusulas do presente Prego e dos restantes documentos que teñen carácter contractual, sen salvidade ou reserva ningunha, así como a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar con PTG . Calquera salvidade entenderase en todo caso como non posta.

---

---

As proposicións presentaranse en lingua castelá e/ou galega e a información da proposta técnica debe facilitarse tanto en papel impreso como en soporte informático. En caso de discrepancia entre os datos ou información de ambos soportes prevalecerá a contida na documentación presentada en papel impreso.

As proposicións presentaranse escritas a máquina ou outro tipo de impresión mecánica ou informática, e non se aceptará ningún documento manuscrito nin con omisións, erros ou emendas que non permitan coñecer claramente as condicións para valorar a oferta.

A totalidade do custo da elaboración da documentación para a confección das ofertas que se presentan á licitación será por conta dos licitadores, que non poderán reclamar compensación económica ningunha en caso de non resultar adxudicatarios.

Non se aceptarán aquelas proposicións que teñan omisións, erros ou riscos que impidan coñecer claramente todo aquilo que PTG estime fundamental para a oferta, ou que incorra nos supostos establecidos no artigo 84 do RGCAP.

As ofertas terán unha validez de 6 meses, contados a partir da data de apertura das proposicións.

As proposicións serán secretas e quedarán baixo a custodia do responsable do Rexistro de PTG a disposición da Comisión de Selección, ata o momento sinalado para o acto de apertura de plicas.

Unha vez presentada a oferta, o licitador non poderá retirala, salvo nos casos expresamente previstos no presente Prego ou na Lei 30/2007, quedando obrigado a cumprir o contrato, se lle fose definitivamente adxudicado, que será inalterable a partir do seu perfeccionamento, e deberá ser cumprido con estrita suxeición ás cláusulas e os pregos que lle serven de base, cuxas condicións xurídicas e económicas só poderán modificarse con base ás causas admitidas no presente Prego na lexislación aplicable.

## 15. Comisión de selección, apertura de proposicións e proposta de adxudicación.

### 15.1. Comisión de Selección

O órgano de contratación, para a adxudicación do contrato, estará asistido dunha Comisión de Selección, constituída polas persoas que se indican no punto 9 do cadro de características do contrato.

En caso de ausencia de calquera dos seus membros, as persoas encargadas da designación destes nomearán aos que deban substituílos.

### 15.2. Apertura de proposicións, cualificación da documentación e proposta de adxudicación.

A apertura das ofertas levarase a cabo polo órgano de contratación.

---

---

A apertura das ofertas económicas dos licitadores admitidos farase nun acto público, que se celebrará no lugar, data e hora sinalados no anuncio de licitación.

Concluída a lectura e tras o estudo e baremación das ofertas presentadas, no prazo máximo de 25 días, a contar dende o último día de presentación de ofertas, a Comisión de Selección elevará proposta de adxudicación do contrato ao Órgano de Contratación a favor da oferta economicamente máis vantaxosa unha vez valoradas todas as ofertas segundo o punto 6 deste prego, de conformidade co disposto no artigo 11 das Instrucións Internas de Contratación do PTG, tendo ademais a facultade de declarar deserto o concurso.

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do empresario proposto fronte ao PTG.

## 16. Criterios para a adxudicación do contrato.

Os criterios de valoración a ter en conta para a adxudicación son os que se establecen no punto 6.1. do cadro resumo de características que acompaña a este Prego coa ponderación que no dito apartado se recolle.

## 17. Valores desproporcionados ou anormais.

De acordo co artigo 135.2 da LCSP, a adxudicación ao licitador que presente a proposición economicamente máis vantaxosa non procederá cando o Órgano de Contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia da inclusión nesta de valores desproporcionados ou anormais.

Para os efectos previstos no artigo 136.2 da LCSP, consideraranse en principio desproporcionadas ou anormais, as propostas cuxas ofertas económicas se encontren nalgún dos supostos contemplados no artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

## 18. Adxudicación provisional e definitiva.

### 18.1. Adxudicación provisional

Formulada proposta pola Comisión de Selección, o órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas, por orde decrecente, atendendo aos criterios de adxudicación a que fai referencia o artigo 134 da LCSP, para cuxo efecto poderá solicitar cantos informes técnicos estime pertinentes, e adxudicará provisionalmente o contrato a favor do licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa.

No prazo máximo de 10 días naturais dende a apertura das proposicións o órgano de contratación adxudicará provisionalmente o contrato de conformidade co artigo 145 da LCSP.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no prego.

---

---

A adxudicación ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa non procederá cando de conformidade co artigo 136 da LCSP o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia da inclusión nesta de valores anormais ou desproporcionados.

A adxudicación provisional será acordada polo órgano de contratación en resolución motivada que deberá notificarse aos candidatos ou licitadores e publicarse no perfil de contratante da sociedade, sendo de aplicación o previsto no artigo 137 da LCSP en canto á información que debe facilitarse a aqueles inda que o prazo para a súa remisión sexa de 5 días hábiles.

Cando o órgano de contratación se aparte das propostas elevadas pola Comisión de Selección, deberá motivar a súa decisión.

De non ditarse o acordo de adxudicación dentro de prazo, os empresarios admitidos terán dereito a retirar a súa proposta e a que se lles devolva ou cancele a garantía que prestaran, de ser o caso.

Antes da adxudicación definitiva, as empresas que fosen resultar adxudicatarias deberán acreditar o requisito de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas de Seguridade Social e Tributarias, impostas pola lexislación vixente no seguinte prazo e forma:

#### **1.- Obrigas tributarias**

Con carácter previo á adxudicación definitiva, e antes de que transcorran 15 días hábiles a contar dende a publicación da adxudicación provisional no perfil de contratante da sociedade, a empresa que vaia resultar adxudicataria do contrato deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias. Para tal efecto, as circunstancias expresadas no artigo 13 do RGCAP acreditaranse mediante certificación administrativa expedida polo órgano competente (na cal se fará constar o carácter positivo ou negativo desta), excepto a circunstancia referida no art. 13.1.a), cuxa acreditación se efectuará mediante a presentación da alta e, de ser o caso, do último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas.

Ademais será necesario, para efecto de que quede constancia da non existencia de débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, certificación administrativa expedida polo órgano competente desta.

#### **2.- Obrigas de Seguridade Social**

Con carácter previo á adxudicación definitiva, e antes de que transcorran 15 días hábiles a contar dende a publicación da adxudicación provisional no perfil de contratante da sociedade, a empresa que vaia resultar adxudicataria do contrato deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social. Para tal efecto as circunstancias expresadas no artigo 14 do RGCAP, acreditaranse mediante certificación expedida polo órgano competente, na cal deberá facerse constar o seu carácter positivo ou negativo.

Non obstante, cando a empresa non estea obrigada a presentar as declaracións ou documentos a que se refiren os citados artigos 13 e 14 do RGCAP, acreditarase esta circunstancia mediante declaración responsable.

---

---

## 18.2. Adxudicación definitiva

A adxudicación definitiva do contrato, que en todo caso deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores de acordo co artigo 137 da LCSP.

Sen prexuízo do disposto anteriormente, o órgano de contratación comunicará a todo candidato ou licitador rexeitado que o solicite, no prazo de quince días a partir da recepción da solicitude, os motivos do rexeitamento da súa candidatura ou da súa proposición e as características da proposición do adxudicatario determinantes da adxudicación ao seu favor, observándose respecto da comunicación o disposto no parágrafo anterior.

A adxudicación definitiva do contrato publicarase no perfil de contratante da sociedade.

## 18.3. Perfeccionamento do contrato

O contrato perfeccionarase coa notificación á adxudicataria da adxudicación definitiva da súa oferta, sempre que se constituíra a garantía definitiva.

# 19. Constitución da garantía definitiva, gastos de anuncios e formalización do contrato.

## 19.1. Garantía definitiva

O licitador que resulte adxudicatario provisional deberá acreditar, en calquera das modalidades especificadas no artigo 84 da LCSP, no prazo de quince días naturais, contados a partir do seguinte ao da notificación da adxudicación provisional do contrato, a constitución dunha garantía definitiva, por importe do 4% do importe da adxudicación, IVE excluído, debendo acreditarse a súa constitución mediante a entrega do correspondente xustificante ante o órgano de contratación. O incumprimento deste requisito por causas imputables ao licitador implicará que o órgano de contratación declare decaída a adxudicación provisional feita ao seu favor sendo de aplicación o disposto no artigo 135.5 da LCSP.

## 19.2. Gastos de anuncios

O adxudicatario acreditará ante o órgano de contratación o pago dos gastos de publicación do anuncio de licitación no caso de que se decidise publicar este nalgún diario oficial ou na prensa.

## 19.3. Formalización do contrato

Será condición esencial do contrato que no prazo máximo de 10 días hábiles a contar dende o

---

---

seguinte á notificación da adxudicación definitiva, o adxudicatario subscriba o correspondente contrato privado de prestación de servizos.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o adxudicatario, sendo á súa custa os gastos derivados do seu outorgamento.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a sociedade poderá acordar a resolución deste.

## 20. Prazo de execución do contrato.

O contrato terá unha duración total de 3 anos desde a data da súa firma. O contrato poderá prorrogarse anualmente, previo acordo das partes, ata unha duración máxima de 5 anos, incluídas as prórrogas. Haberá revisión de prezos ofertados e servizos en función da oferta do mercado unha vez finalice o primeiro tramo.

## 21. Gastos.

Serán por conta do adxudicatario os gastos e tributos da formalización do contrato, así como calquera imposto, taxas ou arbitrios de índole estatal, autonómica ou municipal, que puidesen gravar o contrato, e demais gastos que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes.

## 22. Obrigas do adxudicatario.

Sen prexuízo das demais obrigas e responsabilidades, expresamente reflectidas neste Prego e no correspondente contrato, o adxudicatario contratado comprométese, na súa execución, ao cumprimento do seguinte:

### 22.1. Obriga principal

Será obriga principal do adxudicatario a execución do contrato ao seu risco e ventura, con estrita suxeición ás estipulacións contidas neste Prego, no Prego de Prescricións Técnicas e demais normas de aplicación.

### 22.2. Cumprimento de prazos

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato.

### 22.3. Dirección e organización do traballo

A empresa adxudicataria, baixo a supervisión da sociedade, achegará a súa propia dirección e xestión do contrato sendo responsable da organización da prestación contratada, da calidade técnica dos traballos que

---

---

desenvolve e das prestacións realizadas.

Así mesmo, disporá para a execución do contrato dunha estrutura xerarquizada, cun responsable que se encargará de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización da prestación obxecto do contrato, directrices, etc.

## 22.4. Obrigas laborais e sociais

O adxudicatario está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo.

En particular, e de conformidade con previsto no artigo 3.2 do Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, no que se establecen disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras, cando na execución da instalación interveña máis dunha empresa e traballadores autónomos, ou diversos traballadores autónomos, antes do inicio dos traballos, ou tan pronto coma se constate a dita circunstancia, o PTG, designará como coordinador en materia de seguridade e saúde, durante a execución dos traballos de instalación, ao técnico competente nesta materia que exercerá a dita función.

En ningún caso o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación laboral entre a sociedade e o adxudicatario.

En caso de accidente ou prexuízo de calquera índole acontecido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o adxudicatario cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas acaden de ningún modo á sociedade.

É responsabilidade da empresa adxudicataria e dos seus encargados impartir todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices aos seus traballadores, sendo a sociedade completamente allea a estas relacións laborais. É responsabilidade da empresa adxudicataria facilitar aos seus traballadores os medios materiais precisos para levar a cabo o seu traballo.

## 22.5. Póliza de seguros e responsabilidade do adxudicatario fronte a terceiros

Formalizada a adxudicación, o adxudicatario da licitación deberá de presentar póliza de seguro de Responsabilidade Civil cun capital mínimo asegurado de polo menos 6.000.000 €, e as seguintes coberturas:

- Responsabilidade Civil de Explotación (Danos persoais e materiais directos e os seus Prexuízos Consecuenciais)
  - Responsabilidade Civil Profesional que cubra os Prexuízos Patrimoniais Primarios
  - Responsabilidade Civil Patronal e Cruzada cun sublímite por vítima de polo menos 150.000 €.
  - Responsabilidade Civil por Danos ao Dominio Público Radioeléctrico (Entenderanse particularmente cubertos os posibles danos que o Asegurado puidese causar ás redes públicas de telecomunicacións ou ao dominio público radioeléctrico por defectos de instalación ou mantemento dos equipos ou
-

---

sistemas de telecomunicacións que instalen ou manteñan, así como pola instalación de equipos non destinados a ser conectados ás redes públicas de telecomunicacións.

Serán indemnizables por esta cobertura, ademais dos danos materiais, corporais e prexuízos consecutivos, os prexuízos patrimoniais primarios, entendidos estes últimos como perdas económicas que non se deriven dun dano corporal ou material)

- Defensa xurídica e fianzas

Cláusula a incluír:

A póliza de Responsabilidade Civil deberá de incluír unha cláusula nos seguintes termos:

- Consideraranse como terceiros para efectos da póliza de seguro de Responsabilidade Civil o Parque Tecnolóxico de Galicia así como as distintas empresas asentadas na Tecnópole que utilicen o servizo de telecomunicacións da operadora adxudicataria da licitación.

-Considerarase como asegurado adicional na póliza de Responsabilidade Civil o Parque Tecnolóxico de Galicia para efectos e fronte a reclamacións das empresas asentadas na Tecnópole que utilicen o servizo de telecomunicacións da operadora adxudicataria da licitación, por causas derivadas do dito servizo.

## 23. Presupuesto e forma de pago ao adxudicatario.

O presupuesto máximo de licitación (que incluírá taxas e demais impostos incluídos, á excepción do IVE) para a realización dos traballos é de 261.000 euros, IVE non incluído (87.000 euros por ano).

Esta cantidade obtense a partir da facturación anual observada no ano 2009 e pretende servir como base para a confección das ofertas, incluíndo tanto os custos fixos de altas, xestión, equipamento aluguer de liñas, etc., como os custos variables derivados do consumo. Nesta cantidade inclúese o presupuesto para todas as posibles modificacións nas infraestruturas que se teñan que acometer para a posta en marcha e o mantemento do servizo.

Os pagos realizaranse mediante cotas fixas mensuais facturadas a mes vencido e cos conceptos desagregados, e efectuaranse mediante transferencia bancaria á conta que para tal efecto designe o adxudicatario logo da presentación da correspondente factura nun prazo máximo de 90 días.

---

---

## 24. Dereitos do órgano de contratación.

Son dereitos do órgano de contratación os seguintes:

- Interpretar o contrato.
- Resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento.
- Modificar o contrato nos termos previstos neste.
- Acordar a resolución do contrato e determinar os seus efectos

## 25. Prescricións técnicas esixibles ás prestacións.

### 25.1. Condicións do contrato.

#### 25.1.1. Representante de PTG, S.A.

PTG, S.A. designará unha persoa, que será a Dirección de PTG, S.A. ou persoa en quen delegue (de aquí en adiante Dirección de PTG, S.A.), que a representará ante a empresa adxudicataria, e que someterá os traballos ás inspeccións que considere oportunas para comprobar que é conforme ás condicións do prego e da oferta aceptada.

#### 25.1.2. Dirección técnica.

Existirá un responsable técnico por parte da empresa adxudicataria que desempeñará funcións de coordinador e supervisor dos traballos a prestar, que estará localizable durante a duración do contrato engadido o prazo de garantía as 24 horas do día, e informará á Dirección de PTG, S.A. (ou persoa en quen delegue) sobre a situación e estado de:

- Organización de recursos (humanos e materiais).
- Anomalías, incidentes e informes.
- Proposición de accións correctoras.
- Calquera outra información requirida pola Dirección do PTG.

Independentemente do informe do responsable técnico, a Dirección de PTG, S.A. poñerá en coñecemento do adxudicatario as deficiencias observadas, indicando as medidas que, ao seu xuízo, deben ser achegadas, as cales obrigarán ao adxudicatario.

## 26. Contido do contrato

As prescricións técnicas particulares do contrato que no seu día subscribirán PTG, S.A. e a adxudicataria serán as contidas no Anexo I, sen prexuízo do que expresamente se recolle no presente Prego e

---

do contido do dito contrato.

## 27. Penalizacións

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato e dos prazos fixados polo PTG. Se chegada a fin de do prazo citado para a posta en marcha do servizo, o contratista tivese incorrido en mora por causas imputables a este, PTG, S.A. poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades económicas na forma prevista no art. 196.4 LCSP.

O importe destas penalidades non exclúe a indemnización de danos e perdas a que poida ter dereito PTG, S.A.

En todo caso a constitución en mora do adxudicatario non requirirá interpelación ou intimación previa por parte de PTG, S.A.

O importe das penalidades por demora deducirase das facturas e, no seu caso, da garantía de conformidade co disposto no art. 99 do RGLCAP.

### 27.1. Penalidades respecto a dispoñibilidade do servizo

A dispoñibilidade do servizo deberá ser como mínimo do 99,8 % anual. No caso de non cumprirse esta expectativa, penalizarase ao provedor do seguinte modo:

Desviación respecto ao obxectivo de dispoñibilidade	Penalización
0,001%-0,15%	2% da facturación anual
0,16%-0,30%	5% da facturación anual
0,31%-0,50%	7% da facturación anual
0,51%-1,00%	10% da facturación anual
Superior ao 1%	Rescisión do contrato

O tempo medio de resolución ante as avarías deberá ser sempre inferior a 4 horas. No caso de que non se cumpra esta expectativa penalizarase ao provedor da seguinte maneira:

Desviación respecto ao obxectivo de tempo medio semestral de resolución entre avarías	Penalización
Ata 1 hora	0,25% da facturación anual
1h-2h	0,5% da facturación anual
2h-4h	1% da facturación anual
Máis de 4h	1,75% da facturación anual

## 28. Atrasos xustificandos

---

En canto a os atrasos no prazo para a posta en marcha do servizo non se terán en conta para o cálculo de indispoñibilidade os seguintes casos, recoñecidos como tales e avaliados por acordo das partes, despois do informe da Dirección Facultativa:

- Paradas programadas por mantemento de melloras
- Deficiencias na subministración eléctrica
- Causas de forza maior demostrables documentalmente

A avaliación de mutuo acordo do atraso xustificado pactarase por escrito, coa conseguente repercusión no plan de posta en marcha do servizo previamente pactado. Se non existe acordo escrito entenderase rexeitada a proposta de ampliación de prazo.

O adxudicatario non poderá posteriormente esgrimir, como xustificación de atrasos, as causas non denunciadas no prazo dito.

## 29. Subcontratación

O adxudicatario, na súa condición de contratista principal poderá subcontratar parcialmente a instalación dos equipamentos, logo do coñecemento e autorización de PTG, S.A., conforme á lexislación laboral, civil ou mercantil que sexa de aplicación a cada caso.

O adxudicatario poderá subcontratar parcialmente as instalacións, logo do coñecemento e autorización de PTG, S.A., conforme á lexislación laboral, civil ou mercantil que sexa de aplicación a cada caso.

O adxudicatario responderá dos subadxudicatarios ante a Dirección Facultativa e PTG, S.A., en todo o que alcance a súa participación no subministro e equipamento e en particular no que se refire a situacións laborais de seguridade e saúde no traballo. A subcontratación non libera o adxudicatario da súa plena responsabilidade ante PTG, S.A.

En canto aos subadxudicatarios de instalacións o adxudicatario dará conta á Dirección Facultativa e a PTG, S.A. coa suficiente antelación da casa instaladora que se propón contratar para a aprobación ou formulación de reparos por calquera de ambas.

PTG, S.A. poderá recusar subadxudicatarios logo do informe da Dirección Facultativa.

A fin de prever problemas no subministro e instalación por situacións de insolvencia, PTG, S.A. poderá esixir en calquera momento ao adxudicatario que xustifique encontrarse ao corrente das súas obrigacións de pago a subadxudicatarios e provedores neste servizo de subministro, xa polo realizado, ou por materiais incorporados nela.

En caso de detectarse ou preverse atrasos nos ditos pagos que corresponden directamente ao adxudicatario, PTG, S.A. poderá optar, suposto o recoñecemento por parte do adxudicatario do débito, a data do seu vencemento e a procedencia do pago, por pagar directamente aos citados acredores, sexa en metálico ou en letras aceptadas a favor deles. O importe destes pagos deducirao PTG, S.A. dos sucesivos pagos que

---

---

correspondan ao adxudicatario, actualizando o importe nominal daqueles ao 20% anual, segundo os días de adianto ou atraso respecto do vencemento estipulado para o pago de PTG, S.A. ao adxudicatario.

## 30. Extinción de contrato

O contrato extinguirase pola súa conclusión ou cumprimento, ou ben pola súa resolución.

## 31. Consecuencias da resolución

Cando o contrato se resolva por incumprimento do adxudicatario, seralle incautada a garantía definitiva e deberá ademais indemnizar a PTG, S.A. polos danos e perdas.

Cando o contrato se resolva por causas alleas ao adxudicatario aboaranse a este os equipamentos subministrados e instalados segundo liquidación da Dirección Facultativa aprobada por PTG, S.A.

En calquera caso o adxudicatario obrígase ao desaloxo inmediato do edificio unha vez reciba a notificación da propiedade que poderá ocupar material e fisicamente este simultaneamente ao desaloxo, concedéndose polo adxudicatario PTG, S.A. irrevogable autorización para isto polo feito de licitar.

## 32. Causas de resolución

PTG, S.A. poderá acordar a resolución do contrato no caso de que conorra algunha das seguintes causas:

- A suspensión de pagos, a quebra ou a disolución do adxudicatario. Bastando que PTG, S.A. teña datos obxectivos dos que resulten as dificultades económicas do adxudicatario que puidesen influír na correcta culminación do traballo.
  - Mutuo acordo.
  - A non formalización do contrato.
  - Incumprimento de prazos parciais por parte do adxudicatario.
  - Incumprimento de obrigacións contractuais do adxudicatario.
  - Incumprimento do establecido na normativa vixente respecto das materias de prevención, seguridade e hixiene.
  - A subcontratación sen solicitar a preceptiva autorización da Dirección Facultativa.
  - A demora no inicio do subministro.
  - A paralización no subministro ou na instalación por prazo superior a 1 mes.
  - Abandono do servizo por parte do adxudicatario.
  - A mala fe na execución dos servizos.
  - Calquera outra indicada no presente Prego de Cláusulas ou no contrato que no seu día se subscriba que non fosen incluídas na relación anterior.
-

# **Prego de cláusulas técnicas particulares para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo corporativo de telefonía fixa, rede de datos e acceso a internet do Parque Tecnolóxico de Galicia**

## **1. OBXECTO**

O obxecto deste documento é definir as condicións técnicas necesarias para a prestación dos servizos de telefonía fixa, incluídos os servizos de tráfico, accesos, e subministro e mantemento dos elementos que conforman a rede de telefonía fixa así como os servizos de acceso a Internet do Parque Tecnolóxico de Galicia.

Tomando como punto de partida a situación actual, preténdese mellorar o servizo que actualmente se está prestando e actualízalo para incorporar as máximas funcionalidades técnicas posibles. Requírese, polo tanto, a dotación, instalación, configuración, posta en marcha, xestión e mantemento de todos os elementos que constitúan estes servizos garantindo a súa plena operatividade durante todo o período de vixencia do presente prego.

## **2. DESCRIPCIÓN XERAL DA REDE ACTUAL**

### Instalacións existentes en telefonía fixa e datos

Na actualidade PTG, S.A. conta con servizo de telefonía fixa e datos nas seguintes situacións:

---

---

- Monforte de Lemos (Rúa Morín s/n Bajo)

- A) Telefonía**

- Grupo de liñas dixitais de central telefónica
      - a) 2 liñas RDSI
      - b) Tarifa plana
    - 2 liñas analóxicas
    - 1 liña 1 Mb ADSL
    -

- Chantada

- A) Telefonía**

- Grupo de liñas dixitais de central telefónica
      - a) 2 liñas RDSI
      - b) Tarifa plana
    - 1 liña analóxica
    - 1 liña 10 Mb ADSL

- San Cibrao das Viñas

- B) Telefonía**

- Grupo de liñas dixitais de central telefónica
      - a) 2 Primarios
    - 341 DDI's
    - 7 números servizo 90x

- A) Datos**

- Circuito Principal de ancho de banda efectivo de saída a Internet de 25 Mbps
    - Respaldo de 10 Mbps para Backup
    - 755 direccións IP públicas

## 3. ALCANCE

### 3.1. Condicións Xerais

Valorarase a inclusión na oferta de propostas de actuación que melloran a prestación actual do servizo aproveitando a infraestrutura existente ou mediante mellora desta, sen custo adicional. Estas actuacións deberán presentarse coa súa valoración económica.

Será responsabilidade do adxudicatario dispoñer os medios necesarios para atender o crecemento da

---

---

demanda e os cambios coa mesma calidade de servizo. O adxudicatario atenderá todo o crecemento, as ampliacións e os cambios que se soliciten durante a prestación do servizo, e non poderán rexeitar en ningún caso a incorporación de novas entidades nos distintos servizos.

Este contrato non converte ao adxudicatario en provedor exclusivo para o PTG, S.A. dos produtos e servizos incluídos no alcance deste proxecto.

## 3.2. Telefonía Fixa

O servizo a contratar cubrirá como mínimo as necesidades en servizos de telefonía fixa para PTG, S.A., que inclúen o descrito no apartado 2 do presente prego de condicións técnicas.

## 3.3. Rede de datos e acceso a Internet

Os obxectivos do contrato cubrirán como mínimo:

- a) Conexión corporativa de acceso a Internet
- b) Conexións locais de acceso a Internet en sedes
- c) Direccionamento público
- d) Etc.

Considérase fóra do alcance deste concurso o mantemento da instalación de cables interna e os activos de rede que non teñan que ver directamente cos enlaces ofertados.

Os servizos prestados polo adxudicatario deberán soportar a configuración actual, empregando equipamento con tecnoloxía que satisfaga as recomendacións e normativas internacionais, sendo a cargo do adxudicatario os custos derivados da adaptación necesaria no seu caso. De igual xeito, o adxudicatario propondrá e ofertará as diversas actualizacións que poden levarse a cabo para mellorar a infraestrutura.

O operador licitante poderá propor na súa oferta outras alternativas diferentes, aínda que o fará con cargo ao custo total do servizo contido na súa oferta, non podendo definir un valor residual ao final do contrato.

O adxudicatario garantirá a seguridade e privacidade das comunicacións de datos do PTG, establecendo os mecanismos segundo a lexislación vixente. Especificaranse na oferta as medidas utilizadas.

---

---

## 4. CONDICIÓN XERAIS

O licitador deberá facer constar na súa oferta que coñece, acepta e se compromete a cumprir todos os requisitos indicados no presente prego.

O licitador deberá dispor do correspondente certificado de empresa de telecomunicacións.

## 5. METODOLOXÍA A EMPREGAR

Os ofertantes deberán achegar unha descrición da metodoloxía empregada para levar a cabo o proxecto. Achegarase unha descrición das diferentes fases do proxecto coas tarefas a realizar (subministro, instalación, configuración, posta en marcha, formación, etc.) así como a planificación dos traballos a realizar.

## 6. XESTIÓN DO PROXECTO

As ofertas incluirán unha proposta de xestión de todo o proxecto na que se especifique:

- Organización do proxecto na que se describa os órganos de xestión deste
- Xestión de cambios e incidencias
- Descrición dos compromisos adquiridos polo ofertante e PTG, S.A.
- Proposta de control e seguimento do proxecto, con reunión para analizar e propor solución as posibles desviacións que se poidan producir respecto á planificación.
- Informar sobre o persoal con coñecementos sobre o equipamento subministrado ou similar.

A empresa adxudicataria deberá poñer a disposición de PTG, S.A. a documentación escrita necesaria para o coñecemento do cumprimento do obxecto do contrato e todas as incidencias que poidan ocorrer.

O adxudicatario presentará un único interlocutor para o seguimento do proxecto ante o PTG. Adicionalmente as ofertas deben incluír unha descrición do equipo de traballo dedicado ao servizo durante a fase de implantación, así como unha cuantificación do volume de recursos humanos que se dedicarán á posta en marcha do servizo.

## 7. IMPLANTACIÓN DO SERVIZO

A fase de implantación comprende a instalación, configuración e posta en marcha dos circuítos e equipamento físico de cada unha das situacións, así como a realización das pertinentes probas de aceptación. Esta fase terá unha duración máxima de 2 meses contados a partir da adxudicación do contrato e valorarase un prazo de implantación menor. As ofertas deberán incluír un plan de actuación para a implantación e a posta en

---

---

marcha das infraestruturas ofertadas, incluíndo unha previsión de calendario, que debe levarse a cabo de modo que o servizo actual non se vexa afectado.

O Plan de Actuación estará deseñado de xeito que a implantación supoña o menor impacto posible no servizo. No caso de suspensión temporal do servizo, deberá consensuarse co PTG o horario e a data máis idónea.

En calquera caso o adxudicatario deberá coordinar as actuacións co actual operador de servizos de telecomunicación do PTG, con vistas a unha transición progresiva destes.

## 7.1. Plan de Actuación

Consiste no cronograma de traballo para a instalación e posta a punto do servizo, coa relación de actividades a desenvolver, os grupos de traballo implicados e as condición para a súa execución.

## 7.2. Plan de probas

No plan de probas proporase un protocolo de probas a realizar que permiten verificar a correcta implantación do servizo, sen prexuízo de que PTG estime realizar probas adicionais. Todos os equipos deberán ser probados e configurados antes da súa posta en funcionamento, en especial:

- Interacción co resto dos equipos
- Verificación das prestación ofertadas nos apartados de especificacións técnicas
- Conmutación e encamiñamento
- Ancho de banda ofertado e tempos de resposta.

## 7.3. Plan de Formación

O persoal designado polo PTG recibirá formación respectos á configuración realizada, as características e funcionalidades dos elementos existentes ou instalados ou software que o requira .

## 7.4. Calidade do Servizo

Os licitantes incluírán na súa oferta un Plan de Calidade, que conteñan polo menos os seguintes apartados:

- Definición dos obxectivos de calidade do servizo que serán asumidos polo adxudicatario
  - Recursos que disporá o licitador e procedementos que implantará para dar cumprimento aos
-

---

obxectivos de calidade contidos no Plan.

- Definición dun Proxecto de mellora Continua de Calidade.

En particular, o Plan de Calidade permitirá medir:

- Calidade técnica do servizo, mediante o establecemento de parámetros e índices de xestión, entre os que se propoñen:
  - a) Atrasos no establecemento de conexión
  - b) Porcentaxe de conexión satisfeitas
  - c) Erros de tarificación e facturación
  - d) Indispoñibilidade dos punto e circuítos de conexión
- Xestión das incidencias, indicando os tempos medios na resolución destas, tanto técnicas como administrativas, indicando:
  - a) Duración media das incidencias
  - b) Número de incidencias repetidas en períodos establecidos de tempo
  - c) Número de incidencias que superen o tempo medio estimado de resolución.

O PTG poderá solicitar en calquera momento información sobre todos os parámetros de calidade descritos no Plan. Estes servirán para poder establecer un sistema de penalizacións.

## 8. MANTEMENTO INTEGRAL

Os servizo solicitados inclúen o servizo de mantemento integral in situ das infraestruturas de rede ofertadas e calquera elemento necesario para o correcto funcionamento da infraestrutura durante o tempo de explotación.

Enténdese por mantemento a actuación física para: reparación de avarías, realización de traslados de liñas e quipos asociados, altas, baixas, etc., que poidan implicar a substitución de equipos e desprazamento de persoal. Polo tanto, o operador licitante deberá incluír o mantemento de todos aqueles elementos que sexan necesarios para soportar o servizo no custo global.

O operador adjudicatario porá a disposición do PTG un servizo de 7x24 horas e 365 días de atención de incidencias operativo todos os días do ano.

A oferta incluírá o compromiso dun tempo máximo de resolución de incidencias de 8 horas para degradacións do servizo e de 8 horas para corte do servizo. Á súa vez indicará na súa oferta o compromiso dun

---

---

tempo máximo de atención de solicitudes relativas á tramitación de altas, baixas, traslados, programacións, etc.

O adxudicatario establecerá os mecanismos necesarios para a recepción de petición e queixas relativas aos servizos prestados de forma vocal e electrónica. As notificacións de incidencias requirirán da correspondente confirmación da súa recepción que incluíra o número de incidencia que posteriormente permita realizar o seu seguimento.

Valorarase a posta en marcha dun sistema de información por vía telemática que permita visualizar en tempo real o número de solicitudes e incidencias abertas nese momento e o estado destas. Este sistema será capaz de proporcionar históricos de solicitudes e incidencias por datas.

## 9. DOCUMENTACIÓN E INFORMES

Deberase proporcionar toda a documentación relativa a arquitectura e configuración de todos os dispositivos da rede corporativa.

A documentación presentada entregarase no formato electrónico que o PTG determine e, no seu caso, será posible a importación en paquetes ofimáticos estándar co fin de que poidan recibir un tratamento informático posterior.

Con periodicidade mensual o operador adxudicatario deberá entregar no formato electrónico que aquel determine informes contendo a seguinte información:

- Traballos realizados.
- Lista de avarías corrixidas e situación das avarías pendentes, detallando o tempo de resposta e resolución destas.
- Estado de todas as solicitudes pendentes.
- Resumo da dispoñibilidade dos enlaces.
- Resumo da ocupación dos enlaces.
- Resumo da facturación dos servizos.

Do mesmo xeito o adxudicatario entregará todos aqueles informes do servizo que sexan requiridos polo PTG.

## 10. FORMATO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS TÉCNICAS

As propostas técnicas presentadas deberán gardar o seguinte formato, sendo o seu contido claro e conciso, deixando a documentación complementaria requirida en anexos. Para iso o licitador limitará a súa oferta técnica de acordo ao índice detallado a continuación.

---

---

## **CAPÍTULO 1.- PRESENTACIÓN DA EMPRESA E REFERENCIAS TÉCNICAS DO OPERADOR**

Onde se describirá a empresa ofertante e se indicará a experiencia e capacidade do operador en proxecto similares

## **CAPITULO 2.- SOLUCIÓN TÉCNICA**

Indicarase a solución presentada, indicando claramente os recursos empregados a metodoloxía e a proposta de xestión de todo o proxecto.

- Datos e Internet
  - a) Tecnoloxías de acceso
  - b) Ancho de banda garantido de subida e de baixada
  - c) Equipamento
  - d) Outros recursos
  - e) Etc.
  
- Voz fixa
  - a) Tecnoloxías de acceso
  - b) Número de enlaces
  - c) Facilidades
  - d) Plan de numeración
  - e) Servizos adicionais
  - f) Etc.

Deberá indicarse de maneira clara e concisa a capacidade de evolución e escalabilidade da infraestrutura proposta.

## **CAPÍTULO 3.- PLAN DE IMPLANTACIÓN DO SERVIZO**

Dentro do plan de implantación describiranse os seguintes puntos de acordo no detallado no punto 8 do prego de condicións técnicas:

- a) Plan de Actuación
  - b) Plan de Probas
  - c) Plan de Formación
-

---

d) Plan de Calidade

#### **CAPÍTULO 4.- MELLORAS**

Onde se indicarán as melloras, tanto técnicas como de funcionalidades, propostas e que non supoñen un custo adicional para o PTG.

#### **ANEXOS**

- Recursos e presenza do operador a nivel nacional e en Galicia
- Outros anexos que os licitantes consideren de interese.